

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 29 DE OUTUBRO 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

- Dna. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Carro
- D. Luís Rico Vereá
- D. José Balado Casal
- Dna. Ana Ledo Fernández
- Dna. Sandra Sánchez Íñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Luís Rivas Cruz
- Dna. Raquel Val Vázquez

Secretaria-Interventora:

Dna. Carmen Gómez Otero

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e catro de setembro de dous mil quince, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dna Carmen Gómez Otero.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Coñecida polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 24/09/2015 de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta a Sra. Alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

A concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE informa que xa fixo matizacións á acta que foron recollidas pola secretaria.

O concelleiro do grupo municipal do PP, Don Luis Rico Vereá fai a matización de que foi él o que lle recriminou ao concelleiro do grupo municipal do BNG que como profesor e concelleiro por qué non había reparado o colexio, entrando e saíndo tódolos días.

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG para que conste en acta que durante esa etapa a que se refire o Sr. Vereá, pintáronse as aulas e os patios.

Se máis observacións, o pleno, por unanimidade, **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 24/09/2015

2.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC Nº 16/2015 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 3/2015

Pola secretaria dáse lectura ao ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 26/10/2015 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

<<...Sen máis intervencións, con tres votos a favor (do grupo municipais do PP, PSDG-PSOE e membro non adscrito), e unha abstención do grupo municipal do BNG a CIPEC ditaminou a aprobación do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación de crédito 16/2015 vía crédito extraordinario 3/2015 financiado con BAIXAS POR ANULACIÓN tal e como segue:

Creación das partidas 338.13001 Festas populares festexos horas extras persoal por importe de 6.398,80 euros e da partida 338.16000 Festas populares cuotas patronais horas extraordinarias seguridade social por importe de 1.510,20 euros.

A financiar con baixa por anulación na partida 920.12004 por importe de 4.900,00 euros, na partida 920.12100 por importe de 1.510,20 euros e na partida 920.12101 por importe de 1.498,80 euros.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015, crédito para estes gastos en cultura estando comprometidos os créditos existentes.

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.>>

Sen máis intervencións, unicamente á da concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE, Dona Ana Ledo Fernández que procede a explicar o sentido do seu voto, que di que como non coñece o listado das horas extra, senón a contía global non pode votar a favor senón absterse, con seis votos a favor; cinco do grupo municipal do PP, e un voto a favor do membro non adscrito; e cinco abstencións; tres abstencións do grupo municipal do PSDG-PSOE, e dúas abstencións do grupo municipal do BNG, o pleno **ACORDOU**:

Primeiro.- Aprobar a modificación de crédito 16/2015 vía crédito extraordinario 3/2015 financiado con BAIXAS POR ANULACIÓN tal e como segue:

Creación das partidas 338.13001 Festas populares festexos horas extras persoal por importe de 6.398,80 euros e da partida 338.16000 Festas populares cuotas patronais horas extraordinarias seguridade social por importe de 1.510,20 euros.

A financiar con baixa por anulación na partida 920.12004 por importe de 4.900,00 euros, na partida 920.12100 por importe de 1.510,20 euros e na partida 920.12101 por importe de 1.498,80 euros.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015, crédito para estes gastos en cultura estando comprometidos os créditos existentes.

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

3.- DACIÓN DE CONTA DECRETO ALCALDÍA 511/2015

A Secretaria procede a dar lectura ao decreto da alcaldía co teor literal seguinte:

<<**Decreto:** 511 / 2015 **Data decreto:** 05/10/2015 **Descrición decreto:** Nomeamento de novo tesoureiro/a.

DON GONZALO CONCHEIRO COELLO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a renuncia definitiva ao cargo de Tesoureiro do Concello de Boimorto presentada por D. Luís Rico Vereá con DNI 33213489V con rexistro de entrada neste Concello co número 2512 en data 05/10/2015.

En virtude das competencias que me veñen atribuídas pola normativa en vigor nesta materia, e segundo o disposto no artigo 18.3 do Real Decreto 1174/1987 de 18 de decembro polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia presentada indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Nomear como tesoureira municipal a María Jesús Novo Gómez con DNI número 44814623C, primeira tenente de alcalde e concelleira delegada de servizos sociais do Concello de Boimorto, notificándolle persoalmente este acordo.

TERCEIRO.- Dar conta expresa deste decreto no Pleno municipal sen prexuízo dos seus efectos dende a data da súa sinatura.

Boimorto, cinco de outubro de dous mil quince

O Alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Ceello

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Carmen Gómez Otero>>>

Intervén o Sr Alcalde para explicar que Luis Rico era o noso tesoureiro que presentou alegacións de carácter persoal. Insistínlle todo o que puiden, pero tiveron que aceptalas, e agradezo o seu traballo desempeñado.

4.- DACION DE CONTA DECRETO ALCALDÍA 540/2015

Pola Secretaria procédese a dar lectura do decreto da alcaldía co teor literal seguinte:

<<**Decreto:** 540 / 2015 **Data decreto:** 19/10/2015 **Descrición decreto:** DECRETO DEVOLUCIÓN PARTE PAGA EXTRA 2012.

DON GONZALO CONCHEIRO COELLO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Logo de ver o Artigo 1.1 do Real Decert- Lei 10/2015, de 11 de setembro polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no Orzamento do Estado, e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo da economía, que establece que

“...As distintas Administracións Públicas, así como os seus entes dependentes e vinculados, aboarán dentro do exercicio 2015, e por unha soa vez, unha retribución de carácter

extraordinario correspondente a 48 días ou ao 26,23 por cento dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria...”.

Asemade, no referido Real Decreto- Lei 10/2015 modifícanse determinados artigos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público referidos a días de asuntos propios e adicionais de vacacións por antigüidade.

Recóllense as seguintes modificacións:

- “...Modificación do número de días de permiso por asuntos particulares restituíndo un sexto día de incremento dos días de permiso por asuntos particulares en función da antigüidade e os de vacacións recoñecidos no Estatuto Básico do Empregado Público incrementándoos igualmente en función da antigüidade...”.

Na Resolución de 16 de setembro de 2015, da Secretaría do Estado de Administracións Públicas, modifícase a de 28 de decembro de 2012 sobre xornada de traballo e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos Públicos.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local para a aprobación dos gastos, **RESOLVO:**

1.-PRIMEIRO: Que se realice a correspondente modificación orzamentaria no ano en curso para restituírlle ao persoal funcionario e laboral do Concello de Boimorto, o importe correspondente ao 26,23 % dos importes deixados de percibir como consecuencia da paga extra de Nadal do ano 2012, equivalente aos 48 días da dita paga extra.

2.- SEGUNDO: Que se lle aplique a todo o persoal do Concello a seguinte modificación do número de días por asuntos propios, asuntos particulares por antigüidade e vacacións por antigüidade, **en consoancia co disposto no Real Decreto-Lei 10/2015, e Resolución de 16 de setembro de 2015, da Secretaría do Estado de Administracións Públicas:**

- **Días de asuntos particulares: 6 días/ano.**
- **Asuntos particulares por antigüidade: 2 días adicionais ao cumprir o sexto trienio, incrementándose, como máximo, nun día adicional por cada trienio cumprido a partires do oitavo.**
- **Días adicionais de vacacións por antigüidade: Até un máximo de 4 días a partires dos quince anos, incrementándose nun día por cada quinquenio, co seguinte reparto:**
 - **15 anos de servizo: 23 días hábiles.**
 - **20 anos de servizo: 24 días hábiles.**
 - **25 anos de servizo: 25 días hábiles.**
 - **30 ou máis anos de servizo: 26 días hábiles.**

3.- TERCEIRO: Que procedase á convocatoria da Mesa Xeral de Negociación, de conformidade co previsto no artigo 36.3 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, aos efectos da negociación de todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal laboral e funcionario do Concello de Boimorto..

4.- CUARTO: Que, unha vez convocada a Mesa de Negociación, dése conta desta Resolución ao Pleno, na primeira sesión que se celebre.

Boimorto dezanove de outubro de dous mil quince

O Alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

Asdo.- Carmen Gomez Otero>>>

O Sr. Alcalde concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz que sinala que é a ideoloxía do PP a que opera en contra dos empregados públicos debido a que só se está a restituír o que anteriormente foi roubado.

5.- PROPOSTA PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NA NOSA PROVINCIA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-

O Alcalde procede a dar lectura á proposta da alcaldía co teor literal seguinte:

O sector lácteo galego en xeral e o desta provincia en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.

Nas explotacións galegas producen un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “**Galego 100%**”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada, producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade completárase en breve con diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e as consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e as galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de “**Galego 100%**” para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre as persoas consumidoras.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía desta provincia, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propóñolle ao Pleno a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

Primeiro: Solicitalle á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do Concello de Boimorto á campaña promocional do leite de calidade diferenciada, producida nas explotacións galegas “**Galego 100%**”.

Segundo: Promover accións, en colaboración cos 93 concellos e co conxunto de colectivos sociais e empresariais desta provincia para levar a cabo accións de promoción de “Galego 100” entre as persoas consumidoras en xeral.

Terceiro: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

a) Difusión da campaña publicitaria de “**Galego 100%**”.

b) Accións de concienciación coas asociacións de persoas consumidoras mediante o reparto de leite “**Galego 100%**” e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a “**Galego 100%**”.

c) Accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “**Galego 100%**”.

d) Medidas de entrega de leite “**Galego 100%**” nos principais eventos lúdicos-festivos e deportivos deste concello.

Cuarto: Elaborar un plan de apoio ao sector lácteo para a mellora de calidade do leite en explotacións gandeiras, coa dotación presupuestaria suficiente para dar cobertura a tódalas explotacións da provincia en colaboración coas cooperativas e de forma coordinada. De tal forma, que as axudas sexan compatibles con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente, ou a Consellería de Medio Rural e Mar.

Boimorto, 26 de outubro de 2015
O alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello.(...)”

A continuación o Sr, Alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSDG-PSOE Don Abelardo Seoane Vázquez que explica que con respecto a esta norma non hai ningún que controle se o leite que entra nunha fábrica é galego, francés... Logo métese no cartón e véndese como galego, o que vai a beneficiar ao distribuidor e non aos gandeiros. Isto é un fraude.

A continuación o Sr, Alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que explica que no 2003 fíxose o mesmo. Imos a tragar os galegos o leite que producimos de máis. A Administración Autonómica ten que adoptar medidas legislativas e non só económicas co obxectivo de ter unha marxe maior por litro.” ¿Imos a facer unha autarquía pagada con diñeiro público que non vai a repercutir nos gandeiros senón nos produtores e nas fábricas? Un Ministerio de Agricultura está para protexer a un sector que produce o 40% do leite do Estado. Estamos nun libre mercado que vostedes apoian. Deberían apostar por este sector e favorecer créditos blandos para os gandeiros. Estadés regalando o sector gandeiro aos franceses (...)”.

A continuación o Sr, Alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que di que existe unha contradición, porque por un lado dise que o leite é de boísima calidade, e por outro no punto catro dise que se quere mellorar a calidade do leite.

A continuación o Sr, Alcalde concede a palabra ao concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE, Dona Ana Ledo Fernández que intervén para dicir que “ Incurrides en contradicións, non sabemos se o leite é 100% galego, ou se é de calidade. Chámanos moito a atención que de repente apoiades ao sector lácteo cando non estabades nas manifestacións”.

Sen máis intervencións, con seis votos a favor; cinco do grupo municipal do PP, e un do membro non adscrito; tres abstencións do grupo municipal do PSDG-PSOE, e con dous votos en contra do grupo municipal do BNG, queda aprobada a proposta da alcaldía.

6.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á TARIFA SIMPLIFICADA SGAE

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

<<PROPOSTA ADHESIÓN Á TARIFA SIMPLIFICADA SGAE AO PLENO DE DATA 29/10/2015

Visto o documento de adhesión opcional á tarifa simplificada creada ao abeiro do disposto no Convenio suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias e a Sociedade Xeral de Autores e Editores asinado en Madrid en data vinte e nove de outubro de mil novecentos noventa e seis

“Imo/aa. D./Dña. Alcalde/sa-Presidente/a del Ayuntamiento de de la provincia de A Coruña, de conformidad con el acuerdo adoptado por el Pleno de esta Corporación con fecha, y en uso de las facultades que le han sido conferidas en virtud de dicho acuerdo para la firma del presente documento de adhesión opcional así como de cuantos otros sea necesario ratificar para que esta Corporación se beneficie de los regímenes previstos para los Ayuntamientos adheridos al Convenio SGAE/FEMP que resulten de interés para el Municipio, declara conocer el contenido de la TARIFA SIMPLIFICADA y, mediante la firma del presente documento, acepta las obligaciones y beneficios derivados del mismo, con sujeción a las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- La autorización concedida mediante el presente documento para la comunicación pública de las obras del repertorio de pequeño derecho administradas por SGAE quedará condicionada al pago anual de las cantidades asociadas al tramo de habitantes de la entidad según las tablas de tarifas así comunicadas por los firmantes del Convenio.

SEGUNDA.- En los espectáculos no dramáticos organizados por el Ayuntamiento, que se celebren con precio de entrada reducido, bonificado o subvencionado se observarán idénticas obligaciones a los celebrados con acceso gratuito y sin exigencia previa alguna.

TERCERA.- Para la aplicación de la TARIFA SIMPLIFICADA y, en su caso, de las deducciones previstas sobre la misma, será condición indispensable que, en el momento de suscripción de este documento, el Ayuntamiento reúna los requisitos establecidos para ello por los firmantes del Convenio, y que cumpla con los plazos de pago y de comunicación del contenido de la programación previstos en la definición de esta tarifa.

CUARTA.- La presente adhesión a la TARIFA SIMPLICADA comenzará a regir desde el día de la firma, y su duración se extenderá, al menos, hasta el 31 de diciembre de 2017

El Ayuntamiento desea adherirse a la TARIFA SIMPLIFICADA optando por la siguiente opción:

G Pago único, a efectuar antes del 1 de mayo del mismo ejercicio presupuestario al de realización de las actividades y facilitar la información sobre las actividades programadas en un plazo no superior a los 30 días desde la celebración de las mismas.

- ! Pago en dos plazos, uno antes del 1 de mayo y otro antes del 1 de septiembre, referidos ambos al mismo ejercicio presupuestario al de realización de las actividades, y facilitar la información sobre las actividades culturales programadas en un plazo no superior a los 30 días desde la celebración de las mismas.
- ! Pago único, a efectuar antes del 31 de diciembre del mismo ejercicio presupuestario al de realización de las actividades y facilitar la información sobre las actividades programadas en un plazo no superior a los 30 días desde la celebración de las mismas.

Todas las formulas anteriormente planteadas implican la obligación de, efectuar el pago mediante transferencia en los plazos fijados, así como, la dotación anual de crédito presupuestario suficiente para atender las cantidades que corresponden a la opción tarifaria escogida, dotación la cual podrá contrastar la entidad de gestión antes de la emisión de la factura.

El Ayuntamiento podrá variar esta forma de pago y/o acogerse a cualquiera de las establecidas en el convenio, antes de finalizar el mes de febrero de cada ejercicio, comunicando por escrito a SGAE la opción a la que se acoge, que será de aplicación a partir de ese momento, con la correspondiente deducción siempre que cumpla con los plazos de pago y/o condiciones previstas en cada caso. En caso de incumplir los plazos de pagos y condiciones recogidas en la definición de la tarifa, la TARIFA SIMPLIFICADA se aplicará sin deducción alguna.

Boimorto, a..... de de 2015
El Alcalde-Presidente”

Visto que supón unha bonificación no pago de tarifas a SGAE.
Polo exposto proponse que o Pleno Municipal **ACORDE**:

PRIMEIRO.- Aprobar á adhesión deste Concello á tarifa simplificada do Convenio suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) asinado o 29 de outubro de 1996, optando pola opción: Pago único, a efectuar antes del 1 de mayo del mismo ejercicio presupuestario al de realización de las actividades y facilitar la información sobre las actividades programadas en un plazo no superior a los 30 días desde la celebración de las mismas.

SEGUNDO.- Autorizar o alcalde para a sinatura do mesmo.

TERCEIRO.- Remitir certificación deste acordo á Federación Española de Municipios e Provincias e a Sociedade Xeral de Autores e Editores.

Boimorto, 26 de outubro de 2015
O alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

Sen máis intervencións, con nove votos a favor; cinco do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, e tres votos a favor do grupo municipal do PSDG-PSOE, e con dúas abstencións do grupo municipal do BNG, queda aprobada a proposta da alcaldía

7.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 21/09/2015 a 23/10/2015, números 483 a 548.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Non se presenta ningún asunto.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde dá a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que formula as seguintes preguntas:

“1.- ¿ Está esquecida a marquesiña de Viladóniga, porque a Deputación non a arranxa?
2.- Hai veciños que pagan dúas veces o IBI pola mesma finca, IBI rústica e urbana, por favor chamen á Deputación para que resolva este tema.”

A continuación O Sr. Alcalde dá a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo Fernández que formula as seguintes preguntas:

“1.- ¿ Qué van a facer neste próximos anos porque só facemos nós propostas? Preocúpame que só saíades na foto das propostas que fixemos nós.

Vemos que o tesoureiro deixa de selo, ao concelleiro de obras non o vemos, o alcalde nunca está, preocúpanos se a tenente de Alcalde dará feito todo.

2.- Queremos coñecer o balance económico da Residencia

3.- Queremos que se nos explique o servizo de madrugadores e o servizo de bus pola tarde

4.- cando se renatará a acera da piscina.

5.- Solicitamos unha mellor sinalización para A Gándara.

6.-A limpeza da vía de Boimil.

7.- ¿Qué pasa coa bebeteca?

8.-¿ Quén vai a facer o magosto?

9.- ¿Cántos nenos/as hai na gardería actualmente?

10.-¿ Qué decisión teñen coas prazas que convocan e se hai preferencia para os/as empadroados/as?

11.- Cómo está o acceso peatonal dende Franzomil e o Pedral cara a Boimorto

12.- Queremos saber cómo está a RPT”

Intervén o Sr. Alcalde para explicar que o balance da residencia é bo. O concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz replica que está a mintir, debido que o ATS costa un montón e estase a contratar a unha empresa privada.

A continuación o Sr. Alcalde dalle a palabra á tenente de alcalde Dona María Jesús Novo Gómez que explica que o servizo de madrugadores é un servizo da AMPA. O Concello colabora cun traballador unha hora (o almorzo o pon o colexio a través da AMPA). Con respecto ao servizo de transporte escolar é fóra do horario escolar e non se incorre en ningunha ilegalidade.

Hai 13 nenos matriculados no PAI.

A Bebeteca entrará en funcionamento cando haxa un mínimo de 10 nenos/as.

No caso do Magosto, o Concello asa as castañas e colabora coa Asociación.

Con respecto á RPT estamos na fase de negociación, porque a RPT do anterior goberno non a imos a aprobar. O salario base dos traballadores para de 1329 euros a 599 euros. O resto vai en complementos. No caso de baixa ou xubilación o traballador queda sen complementos. Nunca aprobaremos unha RPT que perxudique aos traballadores. O concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz sinala que as últimas negociacións xa estaban nun borrador. A tenente de alcalde Dona María Jesús Novo Gómez explica que ese borrador costou 4.000 euros e houbo que facer unha reunión co redactor porque non sabíamos cómo estaba.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz pregunta qué vai ser da residencia. O Sr. Alcalde contesta que seguirá xestionándose de forma directa e seguirá sendo de titularidade municipal. Asemade continúa a dicir que “Con respecto ao camiño de Santiago, tivemos unha reunión co xerente do Xacobeo para explicarlle que a sinalización do camiño é moi mala e practicamente inexistente. Moitos veciños cando pasan pola Gándara van despistados. Hai un compromiso do xerente do Xacobeo de dar cartelería”

A continuación O Sr. Alcalde dá a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSDG-PSOE, Don Abelardo Seoane Vázquez que sinala que o Concello comete erros, e os titulares das fincas danse conta de que teñen camiños na súa finca e non poden construír. O Concello debería favorecer iso porque na maior parte dos casos son erros do propio Concello. A continuación O Sr. Alcalde dá a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE, Dona Sandra Sánchez ñíguez que pregunta polo veciño que se golpeou de noite que se perdeu no monte. A tenente de alcalde Dona María Jesús Novo Gómez procede a explicar que Yoly chamou dicindo que o veciño estaba desaparecido, e empezaron a buscar ata as dúas da mañán, e incluso ata as catro que aínda seguían buscando. A propia garda civil suspendeu o operativo porque a zona marcada estaba peinada. Apareceu ás 10:00 h. A concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE, Dona Sandra Sánchez ñíguez intervén para dicir “¿Dádevos conta de que non se atopou porque non se buscou o suficiente? Non se pode deixar abandonada a unha persoa deste xeito”.

A continuación, e con respecto á RPT, o Sr. Alcalde concede a palabra á traballadora Dona Sylvia Cea Vázquez, que pide como respresentante dos traballadores que se respete aos traballadores e que se negocie cos partidos políticos. Sinala que ata este momento as negociacións foron mínimas e que o borrador da RPT en ningún momento se consultou aos traballadores.

A continuación O Sr. Alcalde dá a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo Fernández que replica que para negociar algo ten que haber algo feito. “Todo ten un tempo, unha cronoloxía”.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz sinala que “A RPT ten que ser pactada cos traballadores, senón non é unha RPT en condicións. Hai moitas diferenzas salariais entre os traballadores que hai que mitigar. Isto só se sabe cando se ven de fóra. É vergonzoso que existan nóminas no Concello de 600 euros.

A continuación o Sr. Alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP, Don Luis Vereá Rico que anuncia que renuncia expresamente ao que lle pertenza como concelleiro por asistencia aos Planos e o cede ás partidas de Asistencia Social.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

DILIXENCIA.- Para facer constar que a acta da sesión celebrada o día 29 de outubro de 2015, está transcrita nos folios da Serie A do nº 3070606 ao nº 3070610

A SECRETARIA,